

Libreira de oficio

Leo Rodríguez transmite o seu entusiasmo pola cultura dende unha librería de Vigo.

14-04-2009

Un pouco de historia

Non me considero unha gran lectora e non obstante a miña vida estivo marcada pola lectura. Durante a miña infancia tiveron poucos libros e soñaba con poñer un quiosco. En 1990 fíxenme libreira de profesión, por casualidade, despois de ser secretaria, cociñeira, granxeira,

vendedora de seguros, mel, xamóns, bixutería, efectos navais e outros produtos.

Fíxenme libreira porque son aventureira e non hai maior reto que sacar unha librería adiante. Neste oficio atopei a miña vocación de difusora de libros, comprometida coa formación de lectores e a promoción da cultura en todas as idades.

Era unha libreira novata, idealista, que desexaba cambiar o mundo coa lectura de libros que axudasen a pensar e formularse o sentido da vida. Dende que abrimos unha librería en Vigo, no verán de 1990, traballei con ilusión por eses obxectivos.

Proxectos iniciais

Teño que recoñecer que aprendín o oficio a forza de entusiasmo, sen experiencia nin medios, e coa axuda de moitas persoas: compañeiras,

bibliotecarios, representantes de editoriais, clientes, etc. Sigo pensando que o mostrador é un pupitre, onde vou cada mañá a aprender.

Pronto pensei que sería bo que a librería se especializase. Neses anos empezaba a Universidade de Vigo e de aí vén o nome de Librería Universitaria SUR. Xunto con outra socia, eliximos o Dereito e o mundo da Biblioteconomía, e agora somos referentes nesas áreas. Tamén hai unha ampla oferta de libros de temas familiares e tratamos de responder a un público moi amplo, que nos pide libros sobre Deus ou de tema relixioso.

Novas iniciativas culturais

Dende o principio na librería tiñamos a ilusión de promover iniciativas culturais, pero o volume do traballo e a falta de tempo atrasaban o comezo. Ata que Gloria,

unha clienta habitual, suxeriu comezar e se converteu na nosa gran colaboradora.

Así xurdiron os "Encontros co pensamento", hai xa tres anos. É unha actividade mensual que pretende chegar a un público intelectual interesado en afondar sobre temas relevantes, para aprender, dialogar e compartir ideas e inquietudes. Invitamos algunha persoa experta, que aborda o tema elixido -sobre filosofía, historia, bioética, relixión, saúde, música, etc. - e logo temos un coloquio. Queremos reflexionar sobre temas profundos, que faciliten o crecemento persoal.

Ao mesmo tempo iniciamos dous clubs de lectura infantís, en dúas bibliotecas de pobos próximos, e a cada un asisten mensualmente uns 25 nenos e nenas de entre 10 e 15 anos co obxectivo de animar á lectura. Ás veces invitamos autores.

O resultado está a ser bo e hai algúns nenos que comezaron ademais un programa de radio sobre libros. Tamén os adultos dun dos pobos quixeron que organicemos un club de lectura para eles, contaxiados pola ilusión dos nenos, e comezou xa con 24 participantes.

Chegar a moitas persoas

Cando me preguntan polos públicos preferidos de SUR, sempre digo que nos interesa todo o mundo, pero teño que recoñecer que a miña debilidade son os maiores e os seminaristas.

Chegamos a ter moitos clientes, que son amigos, que veñen á librería con frecuencia, e piden asesoramento para elixir os libros. Recordo a algúns que ao principio non tiñan grande preparación cultural e que ao cabo dos anos melloraron. Gústanos moito acoller os maiores, atendelos e escoitalos sen présa, para que se sintan como na casa.

Aos seminaristas procuran facilitarlles os libros que necesitan e seguimos as súas actividades. Sentímonos parte da súa familia. Un sacerdote da Obra, cliente noso, foise a Eslovenia, a realizar alí o seu labor sacerdotal, e seguimos en contacto para enviarlle libros útiles. Tamén colaboramos con sacerdotes que están preto de San Petersburgo, en Rusia. Alégranos contribuír coa expansión da mensaxe cristiá, a través dos libros.

Pero como dicía antes, temos un interese prioritario polo público infantil, os pais e nais, profesores e educadores. Nunca pensei que podería realizar un traballo tan interesante, que axuda a moitas persoas da sociedade.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/libreira-de-oficio/](https://opusdei.org/gl-es/article/libreira-de-oficio/)
(02-02-2026)